

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 27 DE XUÑO DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E VINTE MINUTOS** do xoves día **VINTESETE DE XUÑO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúñese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ, Dº KLAUS BREY MONTAÑA e Dª DOLORES GARCÍA TROITIÑO** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e do Secretario da Corporación **FRANCISCO JAVIER OUBIÑA LODEIRO**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.**
- 3º.- SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN.**
- 4º.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE AUTO-TURISMO CLASE B. LICENZA Nº 20.**
- 5º.- III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE SILLEDA.**
- 6º.- ROGOS E PREGUNTAS**

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:

- Acta da sesión extraordinaria de 14 de xuño de 2013
- Acta da sesión ordinaria de 20 de xuño de 2013

Preséntanse para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 14 de xuño de 2013.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 20 de xuño de 2013.

Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 14 de xuño de 2013.

Observado que nas transcripcións das propostas da Alcaldía, de data 14 de xuño de 2013, en relación ós expedientes **Acceso Peonil a Igrexa de Cortegada e Centro de interpretación da natureza en Escuadro**, omitíronse en cada unha delas

a “aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde”de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 13 de maio de 2013 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade subsanar dita omisión quedando aprobada a acta..

Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 20 de xuño de 2013.

Non se producen intervención quedando aprobada a acta.

2º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.

2.1.- Legalización de nave industrial para taller de carpintería metálica, na parcela 4.1.b, marxe A, do Parque Empresarial Área-33 (Silleda), solicitada por José Trujillo Souto.

Visto o escrito presentado por Dº José Trujillo Souto, de data 20 de maio de 2012, Rexistro de Entrada nº 2879 de data 20 de maio de 2012, solicitando licenza de legalización de obra e de actividade de nave industrial para taller de carpintería metálica, a situar na parcela 4.1.b, marxe A, do Parque Empresarial Área-33 (Silleda).

Visto o informe técnico de obra maior emitido polo arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 18 de xuño de 2013.

Visto o informe xurídico emitido polo Secretario xeral da Corporación, de data 26 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística e de actividade a JOSÉ TRUJILLO SOUTO, NIF. 45.845.874-C para nave industrial para taller de carpintería metálica, en base ao proxecto denominado “Proyecto básico y de ejecución de legalización de nave industrial para taller de carpintería metálica” redactado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, baixo as seguintes especificacións:

O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacíons, como solo

urbano, ordenanza IA_Industria-Almacén.

Clasificación do solo: Urbano

Calificación: Industria-Almacén.

Finalidade da actuación: Taller de carpintería metálica.

Base imponible do Imposto sobre Construcciones, Instalaciones e Obras : 97.657,64 €.

Situación e emplazamento das obras: Parcela 4.1.b da 2ª fase do Polígono Industrial Área 33-Silleda.

Ocupación máxima de parcela: 69,73%

Retranqueo frontal: 5,10 metros.

Retranqueo lateral: Adose

Número de plantas: 1

Altura máxima: 9,55 metros medidos dende o centro da fachada dende a rasente do terreiro ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Nome do promotor: JOSÉ TRUJILLO SOUTO

Técnico autor do proxecto: JOSÉ LUIS SANMIGUEL GUERREIRO.

SEGUNDO.- A presente licencia concédese salvo dereito de propiedade e sen perxuicio de terceiros.

TERCEIRO.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Imposto sobre construcciones, instalación e obras por importe de 2.197,30 €

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servicios urbanísticos e 2.1 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 60,00 euros.

CUARTO.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

QUINTO.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1º e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil

seguiente.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANESTO é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

SEXTO. - Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdiccción contencioso-administrativa), todoilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdiccción contencioso-administrativa).

2.2.- Construcción de unha nave para explotación avícola de producción cárnica, no lugar chamado As Brañas, Siador (Silleda), solicitada por José Rafael Cuñarro Pampín.

Visto o escrito presentado por Dº José Rafael Cuñarro Pampín, de data 23 de maio de 2011, Rexistro de Entrada nº 2129 de data 24 de maio de 2011, solicitando licenza para construción dunha nave para explotación avícola de producción cárnica, a situar no Monte de Penide, lugar de As Brañas, parroquia de Siador (Silleda), referencia catastral 36052A062005750000KH.

Visto os informes técnicos de obra maior emitido polo arquitecto asesor

técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de datas 28 de xuño, 16 de novembro e 27 de novembro de 2012.

Visto que polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (Rexistro de Entrada nº 3411 de data 17 de xuño de 2013) emítense dictame de incidencia ambiental ao abeiro do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

Visto o informe xurídico emitido polo Secretario xeral da Corporación, de data 26 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Conceder licenza urbanística a JOSÉ RAFAEL CUÑARROA PAMPÍN, NIF. 35.244.029-W para construción dunha nave para explotación avícola de produción cárnicia, a situar no Monte de Penide, lugar de As Brañas, parroquia de Siador (Silleda), referencia catastral 36052A062005750000KH, en base ao proxecto denominado "Proyecto técnico de ejecución de una nave longitudinal para explotación avícola de produción cárnicia" redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Ramón Moreira García, e dictame de incidencia ambiental resolto con data de 31 de maio de 2013, polo Xefe Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (nº de expediente: IA/148/2012), baixo as seguintes especificacións:

PRIMEIRA.-

O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como solo rústico de protección ordinaria.

Clasificación do solo: Rústico de protección ordinaria.

Finalidade da actuación: nave para explotación avícola de produción cárnicia.

Base imponible do Imposto sobre Construccions, Instalacions e Obras: 154.894,07 €.

Situación e emplazamento das obras: Monte de Penide, lugar de As Brañas, parroquia de Siador (Silleda), referencia catastral 36052A062005750000KH.

Parcela: 52.139 m².

Edificabilidade: 8,85 m².

Altura: 5,30 m.

Nome do promotor: JOSÉ RAFAEL CUÑARRO PAMPÍN

Técnico autor do proxecto: RAMÓN MOREIRA GARCÍA.

Características tipolóxicas, estéticas e constructivas, materiais, cores e acabados da

edificación: Acordes coa paisaxe natural e coas construccóns tradicionais do contorno.

Prazos para o inicio e terminación das obras: Non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Poderase conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no intre de concesión da prórroga.

SEGUNDA.- Impoñer as seguintes medidas correctoras:

a/ descripción da instalación: Na parroquia de Siador, no lugar de As Brañas, Concello de Silleda, nunha finca de 52.139 m² a explotación de vacún existente conta con 4 naves de vacún do mesmo propietario que suman unha superficie de 1.980 m². Preténdese a construcción anexa dunha nave de 2.187,64 m² destinada a explotación avícola para producción cárnica, se ben debe quedar independente das outras cun peche perimetral.

Procesos e equipos principais: en una nave de 2.187,64 m², mediante un réxime de integración recíbense polos dun día mentres que o criador aporta a nave de cebo e a mano de obra necesaria. O método de producción e o denominado "todo dentro ou todo fora" con 49 días de cebo e 15 de limpeza. O obxecto da cría e a de producir animais de 2,5-3 Kg, en camas de cortiza de piñeiro cunha densidade de 10,5 polos/m².

Materias primas utilizadas: polos dun día, penso.

Produtos finais: broilers de 2,5-3 Kg.

Consumos de auga e recursos enerxéticos: A auga de abastecemento procede da traída existente na parcela cercana á das naves. Debendo legalizar o seu uso con Augas de Galicia.

b/ vertidos e emisións

Emisións á atmósfera: Os gases xerados son consecuencia de procesos naturais tales como o metabolismo animal e a degradación do esterco

Vertidos: Non existe producción de augas residuais xa que os bebedeiros desta explotación son de tetina cun sistema antigoteo. As dexeccións e a cama serán recollidas por un xestor autorizado cada 60 días.

c/ técnicas de minimización na produción de residuos e as medidas relativas a súa

xestión.

Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, según a súa tipoloxía de acordo coa normativa vixente. Segregación axeitada dos residuos. Evitar particularmente as mesturas que supoñan un aumento da súa perigosidade ou que dificulten a súa xestión posterior. Almacenamento dos residuos en condicións axeitadas de seguridade, tanto para as persoas como para o medio ambiente. Regularase polo recollido na memoria ambiental do proxecto.

d/ valores límite de emisión/vertido

A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por ha segundo o Real decreto 261/1996 do 16 de febreiro de protección conta a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o Real decreto lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

e/ técnicas de medida, control e avaliación das emisións de verquidos e frecuencia das medicións

Calquera incidencia comunicarase no momento de producirse, aos organismos competentes.

f/ medidas correctoras

Previa á concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. Cumprirá a lexislación ambiental e sectorial aplicable, a normativa de seguridade, a relativa ás medidas de autoprotección e saúde, e a normativa vixente en materia de contaminación acústica .. Instalarase unha fosa séptica para recoller augas dos aseos e procedentes da limpeza e desinfección da nave. Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía de acordo coa normativa vixente. As augas pluviais poderán pasar a regala finca sempre e cando non se mesturen con outras augas sucias. Lémbrese que para a autorización dunha explotación avícola xunto a unha de vacún como neste caso, se esixira polas autoridades competentes, a independencia total de ambas contando cada unha con instalacións, entradas e saídas diferentes.

TERCEIRA.- Será requisito indispensable dispoñer xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de prantas autorizadas e o número de expediente.

CUARTA.- A presente licencia concédese salvo dereito de propiedade e sen perxuicio de terceiros.

QUINTA.- Unha vez rematadas as obras, deberá presentar ante o concello certificación final das obras suscrita por técnico competente con visado colegial, Asimesmo con anterioridade á apertura do establecemento deberá solicitar ao concello, ao amparo do disposto no Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental, visita de comprobación a fin de verificar se as instalacións se axustan ao proxecto presentado e se se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na concesión da licenza.

SEXTA.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Imposto sobre contruccións, instalación e obras por importe de 3.485,12 €

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servicios urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros.

SÉTIMA.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

OITAVA.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

- a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANESTO é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

NOVENA.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa,

poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

2.3.- Ampliación de explotación de gando vacún, no lugar do sino, Ponte (Silleda), solicitada por Ganadería Ponte S.L.

Visto o escrito presentado por Dº David Ferradás Sánchez, en representación da sociedade GANDEIRÍA PONTE, S.C., de data 20 de outubro de 2011, Rexistro de Entrada nº 4981 de data 17 de novembro de 2011, solicitando licenza para ampliación de explotación de gando vacún, a situar no lugar de Sino, parroquia de Ponte (Silleda), referencia catastral 36052G504002640000RX.

Vistos os informes técnicos de obra maior e actividade emitido polo arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 21 de xuño de 2012., informe razoado de data 19 de novembro de 2012 e informe razoado de 27 de novembro de 2012.

Visto que polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente , Territorio e Infraestructuras (Rexistro de Entrada nº 3412 de data 17 de xuño de 2013) emítense dictame de incidencia ambiental ao abeiro do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

Visto o informe xurídico emitido polo Secretario xeral da Corporación, de data 26 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Conceder licenza urbanística e provisional de actividade a David Ferradas Sánchez, actuando en representación de GANDEIRIA PONTE S.C., con CIF V-94028156, para ampliación de cortes de vacún, en base ao proxecto denominado "Ampliación de explotación vacún" redactado polo enxeñeiro Francisco Pérez Donsión con visado colexial de 19 de outubro de 2011, e dictame de incidencia ambiental resolto con data de 31 de maio de 2013, polo Xefe Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (nº de expediente: IA/1472012), baixo as seguintes especificacións:

PRIMEIRA.-

Clasificación do solo: Rústico

Finalidade da actuación: Ampliación de explotación de vacún mediante a construcción dunha nova nave e a construcción dunha balsa de xurro.

Base imponible do Imposto sobre Construccóns, Instalacóns e Obras: 104.995,21 €.

Situación e emplazamento das obras: Parcela nº 264, polígono 504.

Nome do promotor: GANDEIRIA PONTE S.C.

Técnico autor do proxecto: FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN

Prazos para o inicio e terminación das obras: Non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Poderase conceder prorroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no intre de concesión da prorroga.

SEGUNDA.- Deberá respectar o dictame de incidencia ambiental resolto con data de 31 de maio de 2013, polo Xefe Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, nos seguintes términos:

a/ descripción da instalación: Na parroquia de Ponte, no lugar de Aldea de Abaixo, Concello de Silleda, existe unha explotación de vacún con diversas instalacións que inclúen 2 cortes de vacún, unha fosa de xurro, leitería e palleira cunha superficie de 1.268 m². Preténdese a ampliación desta explotación mediante a construcción dunha nova nave, e a construcción dunha nova balsa de xurro.

Procesos e equipos principais: A nave que se pretende construír terá unha forma rectangular e unha superficie de 440,66 m². O interior contará cun patio traseiro, unha

zona de repouso intermedia con duas liñas de cubículos de 2,2 m. de largo x 1,25 m de ancho e un pasillo de alimentación de 5,8 m. No paramento frontal norte do establo situarase a sala de muxido, modelo espiña de pescado, cunha superficie de 53 m², e que permite muxir 10 vacas á vez. Adosada a sala de muxido ira a leitería (30 m²). Terá un local anexo de 15,8 m² para aseos e vestiarios. A balsa de xurro de 300 m² ampliará a capacidade de almacenamento ata os 1.050 m³, no proxecto mencionase que esta balsa irá sen cubrir (contrariamente ó que se recomenda nas guías de boas prácticas de vacún de leite), por elo débese ter en conta que o aporte da auga de choiva non faga desbordar o volume almacenado e calculado baseándose en precipitacións medias.

Materias primas utilizadas: auga, enerxía eléctrica, penso e forraxe.

Produtos finais: leite e xatos de 10 días para recría.

Consumos de auga e recursos enerxéticos: A auga de abastecemento procede da traída existente na parcela cercana á das naves. Debiendo legalizar o seu uso con Augas de Galicia.

b/ vertidos e emisións

Emisións á atmósfera: Os gases xerados son consecuencia de procesos naturais tales como o metabolismo animal e a degradación do esterco

Vertidos: A producción de augas residuais da limpeza da explotación conducirase á fosa habilitada ó efecto. A fosa de xurro será vaciada por xestor autorizado cando proceda.

c/ técnicas de minimización na produción de residuos e as medidas relativas a súa xestión.

Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, según a súa tipoloxía de acordo coa normativa vixente. Segregación axeitada dos residuos. Evitar particularmente as mesturas que supoñan un aumento da súa perigosidade ou que dificulen a súa xestión posterior. Almacenamento dos residuos en condicións axeitadas de seguridade, tanto para as persoas como para o medio ambiente. Regularase polo recollido na memoria ambiental do proxecto.

d/ valores límite de emisión/vertido

A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por ha segundo o Real decreto 261/1996 do 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o Real decreto lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

e/ técnicas de medida, control e avaliación das emisións e verquidos e frecuencia das medicións

Calquera incidencia comunicarase no momento de producirse, aos organismos competentes.

f/ medidas correctoras

Previa á concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. Cumprirá a lexislación ambiental e sectorial aplicable, a normativa de seguridade, a relativa ás medidas de autoprotección e saúde, e a normativa vixente en materia de contaminación acústica. Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía de acordo coa normativa vixente. As augas pluviais poderán pasar a regala finca sempre e cando non se mesturen con outras augas sucias.

TERCEIRA.- Antes do inicio das obras deberá presentar oficios de dirección facultativa da obra, de execución así como seguridade e saúde na obra.

CUARTA.- Será requisito indispensable dispoñer xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de prantas autorizadas e o número de expediente.

QUINTA.- A presente licencia concédese salvo dereito de propiedade e sen perxuicio de terceiros.

SÉXTA.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Imposto sobre contruccións, instalación e obras por importe de 2.362,39 €

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servicios urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros.

SÉTIMA. Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende

a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANESTO é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

OITAVA.- Notificar o presente acordo ao interesado no procedemento, así como ao órgano emisor do dictame de incidencia ambiental con indicación dos recursos que procedan.

NOVENA.- Unha vez rematadas as obras, deberá presentar ante o concello certificación final das obras suscrita por técnico competente con visado colexial, Asimesmo con anterioridade á apertura do establecemento deberá solicitar ao concello, ao amparo do disposto no Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental, visita de comprobación a fin de verificar se as instalacións se axustan ao proxecto presentado e se se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na concesión da licenza.

DÉCIMA. Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

